ASEPEYO

# Ficha de servizos Asepeyo
# Protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos

## Descrición da prestación

Sistema específico de protección para autónomos que cesaron totalmente na súa actividade, con carácter definitivo segundo o motivo alegado.

## Beneficiarios

Traballadores pertencentes ó Réxime Especial de Traballadores Autónomos que se atopen na situación descrita no apartado anterior.

## Requisitos

- Estar afiliado, en situación de alta e cuberto o cesamento de actividade na data do cesamento ou no inicio da prestación (epígrafes 4 e 5)
- Ter cuberto o período de carencia (a carencia mínima esixida consiste na existencia de períodos de cotización efectuados dentro dos 48 meses anteriores á situación legal de cesamento de actividade dos que, polo menos 12 meses, deben estar comprendidos nos 24 meses inmediatamente anteriores á situación de cesamento)
- Estar en situación legal de cesamento de actividade
- Non ter cumprido a idade ordinaria de xubilación para ter dereito á pensión contributiva ou non ter o período de cotización requirido para isto, agás para os supostos de redución de facturación con ou sen traballadores
- Estar ó corrente no pago das cotizacións, existe invitación ó pago

## Prazo de solicitude e nacemento do dereito

O prazo de presentación da solicitude finaliza o último día do mes seguinte no que se produciu o cesamento de actividade. En caso de presentación fóra de prazo descontaranse os días que medien entre a data límite e a data de presentación. O dereito a percibir a prestación económica nacerá dende o día seguinte a aquel en que teña efectos a baixa no réxime.

## Causas que dan dereito á solicitude da prestación

**En tódolos supostos:**

- Motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos (perdas nun ano igual ou superiores ó 10 % dos ingresos, execucións xudiciais ou administrativas de cobro de débedas dende o 30 % dos ingresos do exercicio anterior, e declaración xudicial de concurso que impida a continuación da actividade).
- Suceso de forza maior total ou parcia
- Redución da facturación con e sen traballadores. Perda de licenza administrativa
- Violencia de xénero / sexual
- Divorcio ou acordo de separación matrimonial (excepto socios traballadores de cooperativas de traballo asociado)

**Traballadores Autónomos Economicamente Dependentes (TRADE):**

Finalización da duración do contrato ou conclusión da obra ou servizo, incumprimento contractual grave do cliente, rescisión da relación contractual por causa xustificada ou inxustificada polo cliente; e morte, incapacidade ou xubilación do cliente. Tamén serán de aplicación estas causas ós traballadores autónomos que carezan do recoñecemento de economicamente dependentes, sempre que a súa actividade cumpra as condicións para ser TRADE.

**Socio traballador de cooperativa de traballo asociado:**

Expulsión improcedente da cooperativa, finalización do período de vínculo societario de duración determinada, cesamento da prestación económica dos aspirantes a socios en período de proba.

**Contía**

O subsidio aboado por Asepeyo corresponde ó 70 % da base reguladora, sendo a media de 12 meses dos últimos 24 meses inmediatamente anteriores á situación legal de cesamento de actividade (coincidente co cálculo da carencia). Ademais, durante o período no que se perciba a prestación por cesamento de actividade, a Mutua cotiza por continxencias comúns.

Nos supostos de redución da facturación, con ou sen traballadores a cargo, Asepeyo aboará o 50 % da base reguladora e o 50 % da base de cotización que corresponda. En forza maior temporal parcial, Asepeyo aboará o 50 % da base reguladora e seguirá cotizando por continxencias comúns.

Dentro deste sistema de protección tamén se contemplan medidas de formación, orientación profesional e promoción da actividade emprendedora por parte dos servizos públicos de emprego autonómicos.

## Duración

| Cotizado | Duración da prestación |
|---|---|
| 12 a 17 meses | 4 meses |
| 18 a 23 meses | 6 meses |
| 24 a 29 meses | 8 meses |
| 30 a 35 meses | 10 meses |
| 36 a 42 meses | 12 meses |
| 43 a 47 meses | 16 meses |
| con 48 meses | 24 meses |

## Forma de pago

Mediante transferencia bancaria por meses vencidos.

## Procedemento de solicitude

Se ten que presentar a solicitude cumprimentada en calquera centro asistencial ou oficina de atención ó público de Asepeyo, xunto cos documentos necesarios que acrediten a causa alegada. Entre eles, e facilitados por Asepeyo: solicitude da prestación, declaración xurada, comunicación de datos do pagador (modelo IRPF 145) e facilitado polo Servizo Público de Emprego a demanda de emprego.

Consulta o listado de documentación necesaria ó completo na web asepeyo.es/documentacion.

Se tes algunha dúbida, ponte en contacto connosco en:

**asepeyo.es**
Teléfono 910 504 390
Redes sociais

v.04/2024-gal